



DECRETO DA ALCALDÍA

Expediente núm.: 2026/G010/000005

Expediente núm.: 2026/G003/000864

Asunto: convocatoria sesión ordinaria Concello Pleno

A Corporación municipal, na sesión extraordinaria celebrada o día 13 de xullo de 2023, aprobou a fixación e periodicidade das sesións ordinarias plenarias, que deberán celebrarse cada dous meses, o cuarto venres dos meses impares, ás 21:00 horas (nove da noite).

Considerando que o 22 de maio de 2026, venres, era a festividade da patroa dos funcionarios da Administración local, e que coincidía esta coa data na que debería celebrarse a sesión plenaria ordinaria no mes de maio, e que no acordo aprobado polo Pleno da Corporación municipal na sesión extraordinaria celebrada o 13 de xullo de 2023, sobre a fixación da periodicidade de sesións plenarias, entre outros, facultouse ao alcalde para, previa a consulta aos voceiros dos grupos políticos municipais, pospoñer ou avanzar a celebración das sesións ordinarias do Pleno, dentro do mes da súa celebración, cando a data fixada fora festivo, se atopara incluído nun período vacacional ou concorrese outras circunstancias que así o aconselle.

E que realizouse a consulta á voceira do grupo m. do PP mediante escrito con rexistro de saída núm. 20260000001161 do 12 de maio de 2026.

Enterado da relación de expedientes.

Dende hoxe ten á súa disposición na secretaría xeral os antecedentes de que dispoña esta funcionaria relacionados cos asuntos que figuran na orde do día.

RESOLVO

Primeiro.- Convocar a **SESIÓN ORDINARIA do CONCELLO PLENO** o día **29 DE MAIO DE 2026 (VENRES)**, ás **21:00 horas (nove da noite)**, en primeira convocatoria, a celebrar no **SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO**, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1 PARTE RESOLUTIVA
1.1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES: - ORDINARIA: núm. 2026/04 do 27 de marzo de 2026 A/s acta/s incluída/s no presente punto para a súa aprobación serán achegada/s xunto coa presente convocatoria.
1.2.- DAR CONTA: INFORME RESUMEN ANUAL DE AYUNTAMIENTO DE SANTA COMBA DE LOS RESULTADOS DEL CONTROL INTERNO, QUE SE ESTABLECEN EN EL ARTÍCULO 213 DEL TEXTO REFUNDIDO DE LA LEY REGULADORA DE LAS HACIENDAS LOCALES, DEL EJERCICIO 2025
1.3.- DAR CONTA: PROPOSTA CONCELLO PLENO ASUNTO: : INFORME TRIMESTRAL SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS NA LEI 15/2010 E PMP RD 635/2014 PERÍODO DE REFERENCIA: PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2026
1.4.- PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL Expediente <i>Tedec</i> número: 2026/A003/000006 Expediente <i>Tedec</i> decreto: 2026/G003/000653 Expediente <i>Subtel</i> número: 2026000007144 Asunto: ratificar e tomar coñecemento do decreto da alcaldía número 670/2026 do 24/04/2026, referente á aprobación do proxecto corrixido da obra <i>Mellora de viarios nas parroquias de Castriz, Vilamaior, Freixeiro,</i>



Bazar, Esternande e Padreiro (POS+2026).

1.5.-PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Expediente *Tedec subvención*: 2026/A003/000003

ASUNTO: SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O PROXECTO MUNICIPAL **MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DO VIARIO OS AMENZÓNS-PORTOCHÁN-CARBOEIRO**

1.6.- MOCIÓNS

PARTE DE CONTROL (Non Resolutiva)

2.1.- MOCIÓNS

2.2.- DAR CONTA DECRETOS DE ALCALDÍA: do núm. 428/2026 do 16 de marzo de 2026 ao núm. 823/2026 do 15 de maio de 2026 (ambos inclusive); **ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIAS:** 24 de marzo de 2026, 14 de abril de 2026, 28 de abril de 2026, 12 de maio de 2026.

2.3.- ROGOS E PREGUNTAS

De acordo co artigo 90 do ROF, no caso de non existir quórum suficiente en primeira convocatoria (un tercio do número legal de membros da corporación), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días máis tarde.

Segundo.- Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Corporación municipal, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión do presente escrito:

NOME E APELIDOS	GRUPO POLÍTICO	TIPO NOTIFICACIÓN
ALBERTO ROMAR LANDEIRA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
NOELIA BALEATO TOJA	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PATRICIA VAL ANTELO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
ESTEFANÍA CALVELO MUÑIZ	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PABLO NEGREIRA SOUTO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
CARLOS TURNES ROMERO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
MARÍA SALOMÉ BUSTELO LÓPEZ	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO



MARÍA JOSEFA POSE RODRÍGUEZ	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
JOSEFA MARÍA CALVO VILAR	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
SILVIA CANCELA BLANCO	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
FERNANDO BAÑA DOMÍNGUEZ	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
ANDY GARCÍA PEREIRA	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
MANUEL RAFAEL LIÑARES GONZÁLEZ.	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL

Esta resolución notificarase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interperse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interperse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, na data da sinatura electrónica.

O alcalde

Dou fe, a secretaria xeral

Alberto Romar Landeira

Cristina Alonso Losada